

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 10 da Lei 14/1986 do 25 de abril, Xeral de Sanidade, toda persoa ten dereito a ser advertida:

- A) De se os procedementos de diagnóstico que se lle apliquen poden ser utilizados en función dun proxecto docente ou de investigación.
- B) De se os procedementos terapéuticos que se lle apliquen poden ser utilizados en función dun proxecto docente ou de investigación.
- C) De se os procedementos de prognóstico que se lle apliquen poden ser utilizados en función dun proxecto docente ou de investigación.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin, denomínase:

- A) Equipo colectivo de traballo.
- B) Equipo de protección individual.
- C) Equipo de protección colectiva.
- D) Equipo individual de traballo.

3. Segundo o artigo 4.1. da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e de cobertura universal garántese:

- A) A todas as persoas que residan nos concellos da comunidade autónoma de Galicia.
- B) Aos transeúntes e desprazados no territorio da comunidade autónoma sen ningún tipo de condición normativa.
- C) A todos os galegos e a todas as galegas de orixe ou ascendencia que residan fóra de Galicia sen ningún tipo de condición normativa.
- D) Todas as respostas son correctas.

4. Segundo o establecido no artigo 29 do Decreto 206/2005, do 25 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, poderase renunciar á participación no concurso de traslados:

- A) En calquera momento antes de que se publique a Resolución definitiva do concurso de traslados.
- B) Ata o momento en que se publiquen os listados de adxudicación provisional de destinos.
- C) Dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso.
- D) Non cabe a renuncia.

5. Segundo o artigo 10 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal dos seguintes datos NON forma parte do contido mínimo do documento de consentimento informado:

- A) Identificación do centro.
- B) Identificación do/a médico/a que informa.
- C) Identificación da persoa responsable da dirección do centro sanitario.
- D) Lugar e data.

6. Segundo o artigo 9 bis da Lei 55/2003 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, poderase nomear persoal estatutario substituto para o desempeño das funcións propias de persoal estatutario:

- A) Para atender as funcións de persoal fixo ou temporal, durante os períodos de vacacións, permisos, dispensas e demais ausencias de carácter temporal que comporten a reserva de praza.
- B) Para realizar substitución parcial para a cobertura de exención de gardas, por razón de idade, ou enfermidade.
- C) Para substituír a redución da xornada ordinaria de persoal estatutario.
- D) Todas as respostas son correctas.

7. Segundo o artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, as actuacións das Administracións Públicas sanitarias estarán orientadas:

- A) Á promoción da saúde.
- B) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
- C) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

8. Segundo o artigo 30 da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o sistema de saúde de Galicia:

- A) É parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- B) É un sistema independente do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Inclúe as actividades que sexan prestadas con recursos non públicos.
- D) Inclúe os servizos que sexan prestados con recursos non públicos.

9. Segundo o artigo 41 do Estatuto de Autonomía de Galicia a Comunidade Autónoma:

- A) Non poderá delegar as súas funcións administrativas nas provincias.
- B) Non poderá delegar as súas funcións administrativas nos municipios e demais entidades locais recoñecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- C) Poderá delegar as súas funcións administrativas nas provincias, municipios e demais entidades locais recoñecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- D) Poderá delegar as súas funcións administrativas tan só nas provincias.

10. Segundo o artigo 50 da Lei 55/2003 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sempre que a duración da xornada exceda de seis horas continuadas, deberá establecerse un período de descanso durante a mesma de duración:

- A) Non inferior a 15 minutos.
- B) Non inferior a 20 minutos.
- C) Non inferior a 25 minutos.
- D) Non inferior a 30 minutos.

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, NON é un principio xeral da acción preventiva que debe aplicar o empresario:

- A) Evitar os riscos.
- B) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- C) Combater os riscos na súa orixe.
- D) Informar á autoridade laboral sobre os accidentes graves.

2. Segundo o artigo 33 da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia, ten a consideración de autoridade sanitaria:

- A) O Consello de la Xunta de Galicia.
- B) A persoa titular da consellería con competencias en sanidade.
- C) Os alcaldes ou alcaldesas.
- D) Todas as respostas son correctas.